

Convocatoria de Bolsa Erasmus+ KA 131-HED para F.C.T. de marzo/abril 2024

O programa Erasmus+, ten como obxectivo atender ás necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes en educación superior formal e en formación profesional de grao superior, calquera que sexa a duración da carreira ou cualificación, incluídos os estudos de doutorado, así como ás institucións que imparten este tipo de formación. Os seus obxectivos específicos son apoiar a realización dun Espazo Europeo de Educación Superior e reforzar a contribución da educación superior e a formación profesional ao proceso de innovación.

Obxecto da convocatoria

Concesión de **10** bolsas para **alumnos Erasmus+ K131-HED** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea (SMT), en países con convenio **Erasmus+ K131** dentro do programa **2022-1-ES01-KA131-HED-000052360**

Concesión de **10** bolsas para **alumnos Erasmus+ K131-HED** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea (SMT), en países con convenio **Erasmus+ K131** dentro do programa **2023-1-ES01-KA131-HED-000112331**

Concesión de **10** bolsas para **profesorado Erasmus+ K131-HED** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea (SMT), en países con convenio **Erasmus+ K131** dentro do programa **2023-1-ES01-KA131-HED-000112331**

Destinatarios

Alumnado en OFERTA ORDINARIO, matriculado no Liceo La Paz, nun Ciclo Formativo de Grao Superior, que vaia a realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) no curso 2021-22 e estea interesado en realizala en empresas de países da Unión Europea.

Requisitos para participar na selección

- Estar matriculado/a no Colexio Liceo La Paz nos últimos módulos da oferta ordinaria dun Ciclo Formativo de Grao Superior.
- Reunir os requisitos para poder realizar a FCT¹.
- Ter a nacionalidade española ou posuír a nacionalidade dun país participante no PAP (programa de aprendizaxe permanente) ou de terceiros países, nese caso deberá acreditar que está en posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- É obrigatorio posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou en inglés (lingua vehicular de UE). Para iso realizarase unha proba de nivel lingüístico oral e escrito² en caso de non presentar a titulación oficial mínima requirida (nivel recomendado B1).
- Presentar a solicitude e documentación necesaria dentro do prazo previsto.
- **Asistir as xornadas informativas de presentación sobre Erasmus+ que se celebran no centro.**

Contía da beca

A contía de cada beca é segundo tramo por país de:

¹ A duración da mobilidade para FCT será sempre de 75 días.

² Valoraranse os coñecementos do idioma de país de destino, mediante achega da certificación oficial correspondente (mínimo B1 ou equivalente. B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou máis: 3 puntos). En caso de non ter ningunha certificación das anteriormente citadas valoraranse coñecementos de inglés (como lingua habitual no entorno europeo), mediante achega da certificación correspondente (B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou máis: 3 puntos) ou proba.

Movilidad de Estudiantes:

Grupo 1 Países con costes de vida más altos	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia. Terceiros países non asociados ao programa da rexión 14.	350€
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal. Terceiros países non asociados ao programa da rexión 13.	300€
Grupo 3 Países con costes de vida más bajos	Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Macedonia do Norte, Letonia, Lituania, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía.	250€

Axuda adicional para estudiantes con menos oportunidades

Nas mobilidades de longa duración, financiarase unha cantidade adicional á correspondente do apartado 1 de 250 € mensuais para os estudantes que se atopan en algunha das situacións que figuran a continuación; nas mobilidades de curta duración, financiaranse 100 ou 150 € adicionais para toda a mobilidade, en función da duración da estada:

Discapacidade	Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, ou un grao de discapacidade equivalente, no caso de estudantes estranxeiros.
Obstáculos socioeconómicos	✓ Ser beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores ou dunha bolsa do Departamento de Educación do País Vasco, ou dunha bolsa para a escolarización de estudantes de niveis non universitarios concedida polo Departamento de Educación do País Vasco no curso inmediatamente anterior ao que se vaia realizar a mobilidade ou no curso académico no que se realice a mobilidade. ✓ Percibir a unidade familiar unha prestación de Ingreso mínimo vital / Renta Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada Comunidade Autónoma. ✓ Estar en risco de exclusión social. ✓ Pertencer a unha familia numerosa ou monoparental.

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Atoparse nunha situación de especial necesidade e emerxencia social. ✓ Ser vítima de terrorismo, de violencia de xénero ou en situación de orfandade. ✓ Atoparse nunha situación de dependencia ou con dependentes a cargo. ✓ Ter un contrato de traballo a tempo completo.
Obstáculos Xeográficos	Estar matriculado nun centro situado nas Cidades Autónomas de Ceuta ou Melilla, ou estar empadroado nas ditas cidades, no caso de que a matrícula se realice nunha institución educativa non presencia
Problemas de saúde	Padecer problemas físicos o mentais que xeren a necesidade de apoio adicional.
Diferenzas culturais	Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado unha solicitude de protección internacional en España ou noutro país, no caso de participantes entrantes.

Movilidad de estudantes para prácticas en empresas

Se financiará una cantidad adicional de 150€ mensuales a la correspondiente del apartado 1. Esta ayuda es compatible con la ayuda adicional para los estudiantes con menos oportunidades del apartado 2.

MOVILIDADE DO PERSOAL

O persoal recibirá unha axuda como contribución aos seus gastos de viaxe, de acordo cos importes establecidos na Guía do Programa, e unha axuda para a subsistencia durante o período de estadía noutro país, cuxo importe dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os grupos que se describen a continuación:

Países de destino	Cantidad diaria de la ayuda
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia. Terceiros países non asociados ao programa da rexión 14.	120€
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal. Terceiros países non asociados ao programa da rexión 13.	105€
Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Macedonia do Norte, Letonia, Lituania, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía.	90€

Documentación que é preciso entregar o Departamento de Coordinación Erasmus +

- CV formato Europass
- Carta de Presentación e Motivación (¿Por qué merezo unha mobilidade Erasmus+?)
- Carta de Recomendación escrita polo titor ou un profesor do Ciclo
- Expediente Académico co que se accedeu ao Ciclo de FP Superior co cal se quere realizar a mobilidade Erasmus (Ex: Bacharelato como acceso a FP Superior; FP Medio como acceso a FP Superior).

- Coñecemento certificado de linguas estranxeiras
- No caso de ter contactado cunha empresa, presentar unha carta de aceptación asinada pola empresa na que se certifique a acollida do alumno e a data de comezo da mobilidade.

Período de estancia

Duración de 2,5 meses (75 días) da bolsa no que se inclúe todo o período da FCT. O tempo de estadía de formación na empresa é sempre o estimado no convenio Erasmus+ KA131-HED coa mesma, así como o indicado no convenio asinado co alumno/a e o Liceo La Paz, independentemente da duración do módulo de FCT.

País e empresa de destino

O equipo docente e o titor, xunto coas coordinadoras de Erasmus+, de acordo co propio beneficiario determinarán o país e a empresa de destino.

*O 10% das prazas para persoas con discapacidade que de non cubrirse pasa a quenda libre.

**Reino Unido: Mobilidades admitidas nestes proxectos e que deberán cumprir cos requisitos establecidos tralo Brexit, para estancia e viaxe dende Reino Unido.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dende o **14 de Outubro de 2022** ata o **17 de Decembro de 2022**.

Criterios de selección e valoración dos candidatos

Para a valoración das solicitudes e a adxudicación das becas, o alumnado pasará un proceso de selección no que se valorará:

PUNTUACIÓN PARA ACCEDER Á BECA ERASMUS +			% TOTAL	MEDIA	NOTA
1	Expediente académico	Mínimo media de 6,00	40%		
2	Coñecemento de idiomas	Mínimo nivel recomendable, equivalente a B1 (Proba de Inglés / Certificación oficial)	30%		
3	Grao de autonomía persoal, responsabilidade, madurez e motivación.	Mediante carta de motivación e dunha carta de recomendación escrita por un profesor do ciclo de FP	30%		
TOTAL PUNTUACIÓN			100%		

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicarase a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, <https://erasmus.liceolapaz.com/> Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitude de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 10 días hábiles contados a partires da data de publicación.

Lista de reserva

No caso de alumnado en lista de reserva, para garantir o criterio de equidade e igualdade, respectando a oferta e equilibrio entre os distintos ciclos e departamentos o procedemento a seguir será o seguinte:

No caso de non se cubrir algunha praza (por falta de solicitudes ou renuncia), pasarase a elección:

1. Do alumno/a con maior puntuación e ciclo no que queda a praza vacante.

No caso de non haber alumnado dese ciclo, pasarase ao:

2. Alumno/a con maior puntuación e Departamento ao que pertenza o ciclo no que queda a praza non cuberta.

De non ter alumnado dese Departamento pasarase a:

3. Aquel alumno/a que teña maior puntuación na lista de agarda.

Neste último, caso de ter varios alumnos/as con mellor puntuación no mesmo ciclo, primará o reparto por ciclos, non asignando dúas prazas a un ciclo cando existan listado de reserva en máis ciclos.

Empate

No caso de empate, ante alumnado coa mesma puntuación para unha mesma praza, terase en conta para o desempate:

Promoción da igualdade entre mulleres e homes, maior puntuación no expediente académico, maior puntuación na valoración do equipo docente e maior puntuación na proba de idiomas e sorteo final se fose necesario.

Recoñecemento das prácticas

A mobilidade Erasmus+ KA131-HED para prácticas permite a realización de toda a FCT nun país da Unión Europea cos mesmos efectos de recoñecemento que si se realizara nunha empresa española. O Liceo La Paz recoñecerá académicamente o período de prácticas, sempre que se alcancen os logros acordados por ambas partes no programa formativo, rexistrarse tamén o Certificado de Mobilidade Europass e o Suplemento Europeo ao Título.

